

PLAN DE CONVIVENCIA

IES “Concepción Arenal”

Índice

XUSTIFICACIÓN: MARCO LEGAL.....	3
OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	4
DIAGNÓSTICO DO ESTADO DA CONVIVENCIA ESCOLAR	5
Características do centro e o seu contorno.....	5
Características dos distintos sectores da comunidade educativa	6
Aspectos da xestión e da organización que inflúen na convivencia.....	7
Análise da conflictividade.....	7
Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia.....	11
Prevención dos conflitos.....	12
Resolución de conflitos.....	13
A mediación escolar	13
Aula de convivencia.....	16
NORMAS DE CONVIVENCIA.....	16
COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....	22
DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	22

XUSTIFICACIÓN: MARCO LEGAL

A Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa establece no seu artigo 1 os principios básicos da educación. Tómase como referencia, así mesmo, a lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa e o decreto 8/2015 polo que desenvolve a lei 4/2011 de 30 de xuño.

A LOMCE fai unha aposta clara pola promoción dunha educación que traballe a convivencia, como pilar fundamental dunha sociedade democrática e plural. Faise unha referencia continua á educación para a convivencia, dada a súa importancia tanto para o benestar de todos os compoñentes da comunidade educativa como para o desenvolvemento persoal, social e no rendemento académico do alumnado.

Artigo 124. Normas de organización, funcionamento e convivencia.

1. Os centros docentes elaborarán un plan de convivencia que incorporarán á programación xeral anual e que recollerá todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, a concreción dos dereitos e deberes dos alumnos e das alumnas e as medidas correctoras aplicables no caso do seu incumprimento de acordo coa normativa vixente, tomando en consideración a situación e condicións persoais dos alumnos e das alumnas, e a realización de actuacións para a resolución pacífica de conflitos con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación.
2. As normas de convivencia e conduta dos centros serán de obrigado cumprimento, e deberán concretar os deberes dos alumnos e das alumnas e as medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento, tomando en consideración a súa situación e condicións persoais.

As medidas correctoras terán un carácter educativo e recuperador, deberán garantir o respecto aos dereitos de resto dos alumnos e alumnas e procurarán a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.

As medidas correctoras deberán ser proporcionadas ás faltas cometidas. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal de outros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnico, relixioso, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de falta moi grave e levarán asociada como medida correctora a expulsión, temporal ou definitiva, do centro.

As decisións de adoptar medidas correctoras pola comisión de faltas leves serán inmediatamente executivas.

3. Os membros do equipo directivo e os profesores e profesoras serán considerados autoridade pública. Nos procedementos de adopción de medidas correctoras, os feitos constatados por profesores, profesoras e membros do equipo directivo dos centros docentes terán valor probatorio e gozarán de presunción de veracidade «iuris tantum» ou salvo proba en contrario, sen prexuízo das probas que, en defensa dos respectivos dereitos ou intereses, poidan sinalar ou aportar os propios alumnos e alumnas.
4. As Administracións educativas facilitarán que os centros, no marco da súa autonomía, poidan elaborar as súas propias normas de organización e funcionamento.

A convivencia no centro é un requisito indispensable, non só para a mellora da calidade da educación senón tamén para impulsar a formación integral do noso alumnado. O Plan de Convivencia concreta a organización e funcionamento do centro en relación coa convivencia e establece as liñas xerais do modelo de convivencia a adoptar, os obxectivos específicos a alcanzar e as actuacións a realizar para a consecución dos obxectivos.

O plan de convivencia contribúe á adquisición das Competencia Básicas máis directamente relacionadas coa dimensión persoal do alumnado. Entre aquelas competencias básicas que debe contribuír a desenvolver a escola ten especial relevancia a competencia social e cidadá; aprender a convivir na sociedade forma parte das habilidades básicas do ser humano. Aprender a respectar, a ter actitudes positivas, a aceptar e asumir os procesos democráticos debe ser unha prioridade para toda a comunidade escolar.

OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

1. Conseguir un clima de respecto mutuo entre os integrantes da comunidade escolar.
2. Propiciar que os alumnos aprendan e practiquen os valores, actitudes e comportamentos que se espera alcancen como cidadás libres, responsables, tolerantes e solidarios ao final da súa escolarización, promovendo a igualdade entre homes e mulleres.
3. Favorecer a aprendizaxe e a integración escolar de todos os alumnos creando un entorno educativo que facilite o "éxito escolar", é dicir, que propicie que os alumnos aprendan e se sintan integrados no centro.

4. Posibilitar a resolución educativa dos conflitos e a intervención eficaz nos problemas de convivencia escolar.
 - a) Adopción de medidas preventivas dos problemas de convivencia desde o punto de vista da seguridade (supervisión de espazos e tempos) e a habitabilidade (ambiente físico acolledor e estimulante da conduta prosocial).
 - b) Desenvolvemento dun modelo de disciplina cunha finalidade educativa, que axude aos alumnos a asumir a responsabilidade da súa propia conduta en función dos dereitos, deberes, e normas establecidas
5. Promover unha maior participación das familias para traballar conxuntamente.
 - a) Xornada da acollida de pais/nais onde se informa sobre a situación do grupo dos seu fillo/a, as normas do centro e se dan pautas para que desde a casa colaboren cos seus fillos/as no estudo.
 - b) Entrevistas individualizadas coas familias de alumnos con problemas de comportamento desde a titoría e departamento de Orientación.
6. Realizar o seguimento e avaliación do plan de convivencia

DIAGNÓSTICO DO ESTADO DA CONVIVENCIA ESCOLAR

Características do centro e o seu contorno

O IES Concepción Arenal está situado no centro da cidade de Ferrol, no barrio do Ensanche "A" e limítrofe co barrio da Magdalena. É un entorno urbano dotado cos servizos públicos básicos e con abundante oferta comercial.

Nas proximidades do centro atópanse dotacións públicas sanitarias (Centro de Saúde Fontenla Maristany), culturais (Biblioteca Central) e administrativas (Edificio Administrativo da Xunta de Galicia).

Nas proximidades do instituto están situadas a estación de autobuses e as estacións ferroviarias de RENFE e FEVE da cidade.

O nivel económico das familias é medio, medio-baixo e, nalgúns casos moi concretos, baixo ou moi baixo.

A oferta educativa do centro é:

Tres unidades de 1º de ESO, tres de 2º ESO, tres de 3º ESO e tres unidades de 4º ESO.

Sete unidades de 1º de bacharelato e sete unidades de 2º de bacharelato.

Ensinanzas para adultos:

Unha unidade de cada un dos módulos I, II, III e IV da Educación Secundaria de Adultos (ESA) e dúas unidades de 1º de bacharelato de adultos e outras dúas unidades de 2º bacharelato.

Ciclos Formativos:

Unha unidade de 1º curso e outra unidade de 2º curso do ciclo medio de Operacións de Laboratorio.

Unha unidade do 1º curso do ciclo superior de Química Ambiental.

Características dos distintos sectores da comunidade educativa

Alumnado

Na ESO a maioría do alumnado procede dos centros adscritos: CEIP Recimil ,CPR Ludy e CPR Belén.

No Bacharelato o alumnado procede tanto dos centros adscritos (CPR Compañía de María, e Colexio Tirso de Molina) como doutros centros educativos do propio concello de Ferrol e concellos limítrofes como Fene, Narón, Neda, Valdoviño, San Sadurniño, etc.

Isto é debido a gran oferta educativa, somos o único centro da comarca que oferta o bacharelato de Artes Plásticas e os ciclos de Operacións de Laboratorio e Análise Química. Tamén somos os únicos que ofertamos formación para adultos en modalidade presencial.

Inflúe tamén a proximidade ás estacións de autobus e ferrocarril.

Profesorado

A plantilla docente é bastante estable, de forma que case todos os departamentos didácticos contan cunha maioría de profesores con destino definitivo.

As familias

A ANPA está formada case integramente por un núcleo de familias minoritario que se implica na asociación, colaborando co centro nas actividades complementarias e conmemoracións do calendario escolar. No Consello Escolar están representadas as familias coa presenza de tres nais/pais, un deles representante da ANPA polo que interveñen de forma regular na vida educativa do centro.

A participación nas actividades do centro e nas reunións xerais convocadas polo profesorado titor é aceptable (60% acuden ás citacións), e ás veces eles mesmos demandan entrevistas cos titores ou profesores.

Representa unha porcentaxe testemuñal os pais e nais que acoden a votar nas eleccións de representantes ao Consello Escolar.

Aspectos da xestión e da organización que inflúen na convivencia

1. **Organización adecuada dos espazos educativos.** A separación física das aulas de ESO é indispensable para evitar nos cambios de clase problemas de conflictividade. O aconsellable sería separar as aulas de 1º e 2º de ESO, máis é imposible por agora dado as instalacións das aulas Abalar.
2. **Organización adecuada dos espazos nos períodos de lecer.** As actividades de ocio dinámicas favorecen a integración de todo o alumnado.
3. **Organización da actividade docente.** A diversidade do alumnado, fundamentalmente na ESO, é o aspecto que máis inflúe na convivencia. A plantilla de profesorado debe ser o suficientemente ampla para permitir atender a unha ratio axustada ás condicións reais do centro e con capacidade e dispoñibilidade de coordinación e de intervención dentro da propia aula. Os desdobres en materias como ciencias, física, tecnoloxía, música, inglés, etc, poden permitir unha maior atención á diversidade e un mellor ensino e aprendizaxe poñendo en marcha estratexias metodolóxicas que favorezan a educación inclusiva.

Análise da conflictividade

A análise do estado da convivencia baseámolo nos seguintes parámetros:

1. No análise da percepción da convivencia que teñen os distintos sectores da comunidade educativa do noso centro, recollido nos cuestionarios elaborados no marco do Plan de Convivencia Escolar 2015-2020 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A valoración destes datos indica que só os resultados do sector do *Alumnado ESO (75,1% de participación)* son válidos e fiables, non así os correspondentes aos sectores de *Alumnado ensinanzas postobrigatorias, Profesorado e Familias*, que, pola escasa porcentaxe de participación (menor do 7%), non poden ser representativos da opinión xeral do grupo. No

caso do sector de *Persoal de administración e servizos*, se ben a porcentaxe podería ser aceptable, non o é o número (3) de persoas que responderon ao cuestionario.

2. No curso 2014-2015 desenvolveuse un PFPP da liña *Convivencia escolar e clima da aula. Relacións coas familias*; no itinerario de *Convivencia*. Unha das actividades desenvolvidas foi un grupo de traballo (PFPP F1431004 Plan de Convivencia do IES Concepción Arenal) que, entre outras tarefas deseñou e levou a cabo unha enquisa entre alumnado de ESO e bacharelato diúrno e familias para coñecer a súa valoración sobre a convivencia no centro.

As porcentaxes de participación, sobre todo con respecto ao alumnado, fan que os resultados sexan significativos e válidos.

3. Actuacións desenvolvidas para corrixir as condutas leves e gravemente prexudiciais para a convivencia nos últimos cursos académicos.

Con todo elo podemos clasificar os principais conflitos de convivencia no IES Concepción Arenal do seguinte xeito:

A) Conductas disruptivas

Son condutas inapropiadas ou incorrectas do alumnado dentro das aulas, con efectos negativos para o desenvolvemento normal das clases, aparecen principalmente nos cursos de ESO, aínda que tamén, de forma illada e pouco frecuente, nos grupos de bacharelato e é case anecdótica nas ensinanzas de persoas adultas e nos ciclos formativos.

Son condutas disruptivas por exemplo:

- Chegar tarde a clase.
- Pedir continuamente saír ao servizo.
- Pintar nas mesas ou paredes
- Tirar cousas pola clase.
- Pintar no caderno ou no libro.
- Consumir golosinas ou outro tipo de comida.
- Desordenar o mobiliario.
- Brincar.
- Emitir ruídos ou berros na clase.
- Saír ou entrar desordenadamente.

- Non traer as tarefas feitas.
- Negarse a facer as tarefas de clase.
- Falta de interese, pasividade ou inactividade.
- Non traer o material escolar necesario: libros, cadernos, bolígrafo...
- Preguntar insistentemente con ánimo de interromper ou retrasar.
- Facer tarefas distintas ás encomendadas.
- Falar cando está falando o/a profesor/a.
- Non acatar as ordes do/a profesor/a.
- Levantarse do sitio sen permiso.
- Gardar as cousas antes de tempo sen permiso.
- Contestarlle iradamente a un/unha profesor/a.

Posibles causas destas conductas:

- Falta de hábitos de convivencia
- Escasa colaboración familia-escola
- Dificultades de aprendizaxe ás que non se lle da resposta axeitada

B) Absentismo escolar

Entre o alumnado de ESO o absentismo non é frecuente, aínda que xorden casos puntuais nos que é preciso activar o *PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN E O CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR EN GALICIA*. A obrigatoriedade da escolarización ata os dezaseis anos implica a necesidade de considerar este absentismo como un problema grave de convivencia e tomar as medidas indicadas no dito protocolo de forma inmediata e seguilo con rigorosidade.

A causa pode ser o cuestionamento da necesidade da escola por parte dalgunhas familias.

O alumnado de bacharelato, nalgúns casos, presenta un nivel importante de absentismo, se ben este non se percibe de xeito tan alarmante como o correspondente ao alumnado de ESO, dado o carácter non obrigatorio desta etapa educativa e á idade destes alumnos e alumnas, en moitos casos maiores de 18 anos .

Non obstante, é preciso considerar o absentismo no alumnado de bacharelato como un problema grave de convivencia, pois a correlación entre este e o baixo rendemento

académico é, en gran parte dos casos, proporcional. Ademais, as faltas reiteradas e/ou ocasionais provocan disfuncións no proceso de ensino-aprendizaxe e prexudican ao resto do alumnado, pois frecuentemente obrigan ao profesorado a realizar axustes e adaptacións neste proceso.

O alumnado de ciclos formativos de formación profesional está, no caso de absentismo, suxeito á normativa específica regulada no artigo 25 da *ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG venres, 15 de xullo de 2011)*.

Neste caso o absentismo conleva a baixa de oficio do ciclo formativo, xa que a asistencia é obrigatoria. Entre un 4% e un 6% do alumnado é dado de baixa por esta causa.

No caso do alumnado das ensinanzas de persoas adultas, tanto na secundaria como no bacharelato, as particularidades destas persoas fai que o tratamento do absentismo haxa que consideralo non como un problema de convivencia senón como unha realidade complexa onde se reflicten situacións laborais, familiares e persoais.

C) Saídas do centro de alumnado da ESO

O alumnado de ESO non pode abandonar o recinto escolar durante os períodos lectivos, incluídos os recreos, sen que o pai/nai ou titor/a legal o recolla e asine o formulario establecido para tal fin.

En algunhas ocasións, sobre todo nos recreos, alumnos e alumnas de ESO abandonan o recinto escolar sen permiso incumprindo as normas de convivencia e impedindo ao profesorado exercer o seu deber de garda e custodia.

D) Deterioro das instalacións do centro

É habitual o deterioro das instalacións do centro, que se produce sobre todo nas aulas e nos aseos do alumnado e, en menor medida, nos corredores e zonas comúns. Neste casos referímonos a actos intencionados e vandálicos, non ao deterioro normal producido polo uso máis ou menos intensivo destas instalacións.

Son accións vandálicas por exemplo: Pintadas nas paredes e nas mesas, rotura de portas e ventás, deterioro das persianas, danos, avarías e, ás veces roubos, no equipamento informático, arroxar lixo ao chan, atascos nos váteres, estragos nos dispensadores de papel, etc

A maior parte destas condutas tomadas de forma illada non revisten gravidade, pero a frecuencia coa que se producen si que é un problema grave, pois ten un custo económico

importante polas continuas reparacións que se deben realizar e a incomodidade que este deterioro causa a alumnado e profesorado.

E) Uso incorrecto de teléfonos móbiles

É frecuente que o alumnado faga un uso incorrecto dos teléfonos móbiles, xeralmente son faltas leves, como manipular o teléfono na aula, máis ás veces producense faltas graves, como realización e difusión de fotografías ou videos.

As condutas anteriormente descritas poderíanse resumir en:

- **Comportamentos de rexeitamento á aprendizaxe.** É o froito da desvinculación escolar dos alumnos, e constitúen un conxunto de condutas (desde no traer os materiais e non participar das tarefas de clase ata o absentismo que anuncia o abandono escolar) que poden alterar o transcurso do traballo na aula e a vida do centro. Un alumno desvinculado do ritmo do grupo clase, non se implica no proceso de ensino e aprendizaxe, distrae aos demais e acaba rompendo a dinámica da aula.

- **Condutas de trato inadecuado.** Trátase de faltas de respecto ás normas sen unha clara intención de molestar ou facer dano. Reflicten as diferenzas entre as normas, hábitos e valores de socialización escolar e as do entorno de procedencia do alumno.

- **Comportamentos disruptivos:** Son condutas que sen ser agresivas, interrompen o proceso de ensinanza e aprendizaxe, podendo chegar a deteriorar gravemente o clima da aula e pode producir un maior fracaso escolar na clase.

- **Comportamentos agresivos:** Cando se producen estas condutas débese distinguir entre agresión de tipo emocional ou física. Dos comportamentos agresivos merece especial consideración a situación de acoso e maltrato entre iguais. Así mesmo as agresións illadas e vandalismo deben incluírse nesta categoría xeral.

Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia

- A) Aspectos organizativos: Separación das aulas de 3º e 4º de ESO entre si e das de 1º e 2º de ESO. Xa que a maioría dos conflitos se dan nos cambios de clase en este nivel educativo.
- B) Posta en funcionamento da aula de convivencia inclusiva.
- C) Actualización das NOF, segundo o recollido na Lei 4/2011 de convivencia e participación educativa.
- D) Incremento de comunicación coas familias.

E) Fomento da educación en valores mediante as conmemoracións escolares.

Prevención dos conflitos

Mediante accións como:

- 1) Plan de acollida para o alumnado novo: Ten como obxectivo facilitarles ao alumnado e ás súas familias o coñecemento do centro e as súas normas, para que se integren nel de forma satisfactoria.
- 2) Labor tutorial: A acción tutorial é a actividade docente máis indicada para traballar co alumnado a convivencia escolar e resolución de conflitos, sen esquecer que esta tarefa é responsabilidade de toda a comunidade educativa.
- 3) Fomentar a realización de actividades complementarias e extraescolares que pola súa natureza favorezan a convivencia. Este curso comezou a funcionar o club de teatro, como contrato programa na modalidade de mellora da convivencia. Tamén se oferta un club de ciencias , o club de lectura, etc.
- 4) Actividades de sensibilización da comunidade educativa: A través do departamento de Orientación mediante a organización de charlas formativas que axuden a previr os casos de acoso e intimidación entre iguais, o uso adecuado das TIC, a igualdade entre homes e mulleres para previr situacións de violencia de xénero e actividades dirixidas a previr a non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social, valorando a diversidade como un feito enriquecedor. As conmemoracións do calendario escolar constitúen unha excelente oportunidade para educar en valores.
- 5) Medidas de atención á diversidade

Unha boa convivencia debe asentarse sobre as bases dunhas axeitadas oportunidades de aprendizaxe que propicien a integración escolar de todos os alumnos. As medidas que se adopten para propiciar a mellor e máis xusta atención educativa ao alumnado, tamén serán medidas que contribuirán á mellora da convivencia. Non é posible educar para a convivencia se non conseguimos que os alumnos encontren sentido á súa presenza no centro educativo a través da aprendizaxe.

- 6) Colaboración do Departamento de Orientación

Para lograr que o alumnado aprenda a empregar diversas estratexias emocionais como a regulación emocional, a asertividade, empatía e a resolución de conflitos, coa

fin de facer fronte a situacións emocionais difíciles dentro do ámbito escolar que inflúe tamén no familiar e social.

Neste sentido a convivencia vai ligada á consecución dun ambiente de traballo adecuado para poder ensinar e aprender nas aulas que supón:

- O coñecemento do alumnado e adaptación da organización e currículo para favorecer as oportunidades de todos.

-A análise e, se procede, mellora da metodoloxía docente para favorecer a autonomía, participación e colaboración (traballo por proxectos, aprendizaxe colaborativo...)

- Mellorar a atención á diversidade e compensación de desigualdades (adaptacións, programas de apoio na aula, grupos flexibles)

7) Colaboración das familias no proceso de ensino aprendizaxe:

Mellorar os procedementos establecidos para fomentar a implicación e colaboración das familias na educación escolar dos seus fillos.

Planificación de actividades que favorezan a integración das familias no centro e promovan a mellora do clima de relacións, colaboración e solidariedade e educación en valores.

Resolución de conflitos

A mediación escolar

A mediación escolar é un método de resolución de conflitos, mediante a intervención dunha terceira persoa co obxecto de axudar ás partes a obter por elas mesmas un acordo satisfactorio dunha forma positiva e colaborativa.

O modelo vertical de mediación, realizada por adultos (profesorado, equipo directivo) é quizais a forma máis sinxela de ser aplicada, empregándose este procedemento como unha ferramenta máis no labor educativo do centro escolar. Como mediadores, os adultos asisten aos alumnos/as no proceso de examinar as percepcións e sentimentos que cada un deles ten do problema, na busca de posibles solucións e adopción de acordos.

Tendo en conta as particularidades do noso centro, a mediación parece estar especialmente indicada para os conflitos que xorden entre o alumnado coma rumores, alcumes, malentendidos, disputas e pelexas, presións, situacións vividas como inxustas, etc.

Para a posta en funcionamento dun servizo mediación requírense múltiples recursos e a colaboración de todos os sectores da comunidade educativa.

Planificación do servizo de mediación

Gustaríanos experimentar a mediación contando, dentro das nosas posibilidades, cun equipo de mediación en conflitos.

Obxectivos, principios e vantaxes da mediación escolar

O enunciado dos obxectivos para levar a cabo o deseño dun plan de mediación poden resumirse en:

- Previr os comportamentos violentos, potenciando a aprendizaxe dunha ferramenta como a mediación escolar, orientada á transformación dos conflitos en oportunidades educativas.
- Favorecer e estimular a comunicación, diálogo e consenso entre as partes en conflito.
- Promover que ambas partes comprendan o conflito en xeral, deixando á marxe a súa perspectiva individual.
- Favorecer a conversión das diferenzas en formas creativas de resolución do conflito.

A mediación escolar debe cumprir os seguintes principios:

- Voluntariedade. As partes en conflito deben aceptar someterse ao proceso de mediación.
- Confidencialidade. A mediación, en todos os casos, debe ter carácter confidencial e non serán obxecto de ningunha publicidade os acordos alcanzados nin como se chegou a eles.
- Imparcialidade. A persoa mediadora debe ter a capacidade de ser neutral non tratando de favorecer a ningunha das dúas partes.
- Autonomía da decisión. É un proceso no que as partes en conflito han de estar presentes na mediación xunto á persoa mediadora para chegar a acordos.

Características das persoas mediadoras

- As persoas mediadoras deben posuír unha formación específica en temas de mediación: papel da persoa mediadora, escoita activa, flexibilidade, empatía, autoestima, respecto e tolerancia, obxectividade, etc, o seu papel é posibilitar que as persoas implicadas no conflito encontren unha solución ao problema que teñen.

Vantaxes da mediación escolar

- O alumnado aprende que, de forma pacífica e mediante o diálogo, poden resolverse os problemas.

- Tráballanse os valores como a participación, o autocontrol, o respecto e a comunicación, entre outros moitos.
- Aumenta o desenvolvemento de actitudes cooperativas entre o alumnado.
- Contribúe a eliminar as relacións de dominio e de sumisión entre iguais.
- Diminúe a probabilidade de reincidencia nos conflitos.
- Reduce o número de sancións mellorando o clima de convivencia.

Fases da planificación

Unha vez establecidos os obxectivos, debe planificarse a organización de todos aqueles aspectos que son necesarios para que tales obxectivos poidan alcanzarse.

- Formación previa.

Necesitamos formación en temas de mediación. Este curso unha profesora do centro participou nun curso de formación en TEI (Titoría entre iguais), é necesario un número maior de profesores participantes neste tipo de formación.

- Equipo coordinador.

Unha vez que se decida a implementación dun programa de mediación é necesario crear no centro unha estrutura organizativa, equipo coordinador, que se encargue de establecer o plan de traballo e de ofrecer aos diferentes integrantes da comunidade educativa a oportunidade de participar. Ás persoas integrantes do equipo coordinador deben ter unha formación previa en algúns conceptos básicos sobre mediación.

O equipo coordinador terá como funcións básicas:

- Dirixir e xestionar a planificación do proceso.
- Desenvolver o programa de mediación: os seus obxectivos, os tipos de conflitos nos que mediará e persoas ás que vai destinada.
- Seleccionar ao equipo de mediación que recibirá a formación específica en temas de mediación escolar.
- Formación dos compoñentes do equipo de mediación.
- Posta en práctica da mediación escolar.

Aula de convivencia

A lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, sinala que os centros crearán aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar ao alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

Por outra banda, no seu artigo 18 sinala que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto de alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente. Terase tamén en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. A aula de convivencia debe ser unha estratexia organizativa de xestión pacífica dos conflitos.

Á Aula de convivencia (AC) se deriva ao alumnado que impide reiteradamente o normal desenvolvemento da clase facendo caso omiso das advertencias e que precisa dun tempo *fóra do grupo*.

O alumno derivado continúa realizando as tarefas, nun espazo distinto, de xeito individual e supervisado polo profesorado de garda da aula de convivencia.

A aula de convivencia tamén é entendida como un espazo de reflexión e aprendizaxe para modificar as condutas inadecuadas que provocaron o conflito.

Os protocolos que definen os procedementos de derivación do alumnado á aula de convivencia están definidos no apartado V "PROTOCOLO A SEGUIR ANTE AS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA" das Normas de Convivencia do centro.

NORMAS DE CONVIVENCIA.

I- CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA:

- a) Faltas inxustificadas a clase.
- b) Faltas reiteradas de puntualidade a clase.
- c) Non facer caso ás orientacións e indicacións do profesorado e persoal non docente.
- d) Reiterada asistencia ás clases sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

- e) Non respectar a dignidade, integridade, intimidade, ideas e crenzas dos membros da comunidade educativa.
- f) Non seguir con aproveitamento os estudos ou impedir o dereito ao estudo dos compañeiros e compañeiras.
- g) Utilizar incorrectamente ou con descoido os bens e instalacións do centro.
- h) Non respectar as pertenzas do resto dos membros da comunidade educativa.
- i) Fumar, inxerir ou portar bebidas alcohólicas dentro do centro.
- j) Comer ou beber dentro das aulas.
- k) O uso do móbil ou outros aparellos electrónicos durante ás clases (excepto cando o profesor ou profesora o considere oportuno e necesario puntualmente).

II- MEDIDAS CORRECTORAS:

- a) Amoestación privada e verbal do profesor ou profesora, do titor ou titora, ou da xefa de estudos.
- b) Amoestación por escrito do profesor ou profesora, do titor ou titora, ou da xefa/xefe de estudos e comunicación aos pais ou titores legais.
- c) Realización de tarefas, encomendadas pola Dirección, que contribúan a reparar o dano causado, ou a repoñer o material do centro.
- d) Rectificación pública, se procede.
- e) Restitución ou reparación das pertenzas sustraídas ou danadas, se é o caso.
- f) Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- g) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- h) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou a todas por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos encomendados polo profesorado implicado.

i) Asistencia á aula de convivencia durante un día lectivo, realizando tarefas que lle serán impostas polo profesor/a que se encarga de dita aula.

NOTAS:

I- As faltas leves prescriben nun mes salvo cando se trate dunha conduta continuada.

II- Non se poden impoñer medidas correctoras diferentes ás nomeadas aquí.

III- A resolución da medida correctora terá que facerse por escrito e deberá ser comunicada á familia e á persoa dinamizadora de convivencia.

IV- As medidas prescriben aos catro meses

III- CONDUCTAS GRAVEMENTE CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal da administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra e a dignidade da persoa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e os materiais do centro ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa sustracción.

- h) Actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

IV- MEDIDAS CORRECTORAS:

- a) En todo caso, incoación de expediente disciplinario.
- b) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- c) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases entre catro días e dúas semanas, ou a todas por un período de entre catro días e un mes, coa obriga de facer os deberes ou traballos impostos polo profesorado.
- e) Cambio de grupo.
- f) Cambio de centro.

V- PROTOCOLO A SEGUIR ANTE AS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA:

A continuación expóñense as medidas a seguir cun mesmo alumno ou alumna dende a súa primeira falta de orden ata a octava.

1º) Amoestación privada e verbal do profesor/a, do titor/a ou da persoa encargada da xefatura de estudos. Neste caso o alumno/a poderá permanecer na aula mentras dure a clase.

2º) Amoestación por escrito (parte de incidencia) do profesor/a e o alumno/a. Neste caso o titor ou titora chamará á súa casa para ser informados os seus pais ou titores legais, e unha

copia do parte de incidencias será enviado aos pais para o seu coñecemento, tendo que ser devolto asinado por eles, no prazo dunha semana.

3º) Mesmo protocolo que no punto 2º e, neste caso, o alumno ou alumna deberá pasar a mañá na Aula de Convivencia, onde se lle facilitarán tarefas co fin de que continúe coas actividades educativas.

4º) Mesmo protocolo que no punto 2º e ademáis suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou a todas por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado realizará os deberes ou traballos encomendados polo profesorado.

Segundo os casos, e por decisión do profesor ou profesora, o titor ou titora, a persoa encargada da xefatura de estudos ou o director/a, a sancións nesta 4ª falta de orde pode ser diferente:

- Suspensión do dereito a participar nas actividades extracurriculares e complementarias do centro.

- Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

5º) Mesmo protocolo que no punto 2º.

6º) Mesmo protocolo que no punto 3º.

7º) Mesmo protocolo que no punto 4º.

8º) Incoación de expediente disciplinario.

Este último punto do protocolo será aplicado directamente cando a conduta contraria ás normas de convivencia sexa grave, sendo informada a familia directamente.

A partir desta medida, levárase a cabo a instrución do expediente disciplinario, no cal o instructor/a propondrá algunha das seguintes sancións:

- A realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

- A suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias e extraescolares do centro por un período de entre dúas semanas e un mes (dependendo da gravidade da falta).
- A suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas ou a todas por un período de entre catro días e un mes (dependendo da gravidade da falta).
- Cambio de grupo.
- Cambio de centro.

NOTAS:

I- O dinamizador/a de convivencia quedarase co parte orixinal e fará dúas copias, unha para o titor ou titora, e outra para a familia.

II- O dinamizador/a de convivencia enviará un informe mensual e outro trimestral de todos os partes de incidencias a todo o profesorado.

III- As faltas leves prescriben nun mes salvo cando se trate dunha conduta continuada.

IV- A expulsión dun alumno ou alumna das aulas debe ser algo excepcional, tan só xustificable en beneficio do bo clima de traballo dos compañeiros e compañeiras do grupo. Se é o caso, o profesor ou profesora informará por escrito de tal incidencia á Xefatura de Estudos, cubrindo o parte correspondente (tamén o/a alumno/a), mencionando as circunstancias que motivaron esta medida. Dito informe ou parte debe ser entregado polo profesor ou profesora e o alumno ou alumna ao dinamizador/a de convivencia. O tempo restante da clase, o/a alumno/a deberá ir á Sala de Profesores e de alí será acompañado a aula de convivencia ou a Xefatura de Estudos, de tal xeito que o alumnado non permaneza polos corredores.

V- No boletín trimestral de cualificacións se informará á familia sobre os partes de incidencias do alumno ou alumna ao longo de dito trimestre.

COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A Comisión de Convivencia foi constituída no mes de decembro de 2016, logo das eleccións ao Consello Escolar, e as súas funcións aparecen recollidas no decreto 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a a lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa. Algunhas das cales son:

- Impulsar a resolución pacífica de conflitos, promovendo a mediación escolar.
- Propoñer, en caso de conflito grave, as actuacións e medidas que se estimen adecuadas entre as contempladas no plan de convivencia e nas Normas de Organización e Funcionamento.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, no que se reflectan as iniciativas a nivel de centro sobre a materia.

É un foro onde se analiza a situación real do centro e se propoñen medidas preventivas, baseadas na educación e o diálogo, para conseguir diminuír o número de conflitos e condutas contrarias ás normas de convivencia.

A Comisión de Convivencia se reunirá como mínimo unha vez por trimestre.

DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Para garantir a difusión do Plan de Convivencia unha copia do mesmo estará á disposición de toda a comunidade educativa na páxina web e darase especial publicidade do mesmo no inicio de curso nas reunións do profesorado titor cos grupos de alumnado e familias.

A valoración do cumprimento dos obxectivos e desenvolvemento das actuacións farase:

- Valoración trimestral e valoración global no mes de maio na Comisión de Convivencia do Consello Escolar

A partir destas avaliacións establécense dous elementos fundamentais para a continuidade e éxito de futuros plans: necesidades e propostas de mellora para o curso seguinte e aspectos que han de ser incorporados na vida do centro para mellorar a convivencia e calidade da educación.

Este Plan de Convivencia foi aprobado en Consello Escolar o día 11 de maio de 2017.